

• BIOGRAFÍA



Despois da Guerra Civil estudou Dereito en Santiago de Compostela e Oviedo, participou en revistas coma *Finisterre*, *Mar* ou *Sonata Gallega* e casa con Moraima. En 1949 funda con Cuña Novás a colección de poesía Benito Soto na que se publican 14 libros de diferentes autores (o mesmo Celso Emilio Ferreiro publica a súa obra *Musa alemá* en 1959, e autores tan importantes coma Álvaro Cunqueiro, Manuel María ou Luís Pimentel publican obras nesta colección). Entre 1950 e 1966 viviu en Vigo e colaborou na revista *Alba* e no *Faro de Vigo*, ademais de participar na aparición da colección poética Salnés da Editorial Galaxia, colección na que publica en 1962 a súa grande obra que comezara a escribir durante a guerra e que antes citamos: *Longa noite de pedra*. Militou no Partido Comunista (PC) nun breve período e participou, en 1964, na fundación da Unión do Povo Galego (UPG). En 1966 marcha a Venezuela a petición da Hermandad Gallega deste país, organización na que traballa como orientador. Celso Emilio levou unha grande decepción coas actividades levadas a cabo polos emigrantes galegos, pois el agardaba que se preocupasen máis pola conservación da lingua e da cultura. Esta decepción deu lugar a libros coma *Viaxe ao país dos ananos* (1968). Así, despois de desenvolver diferentes actividades en América (fundou o Padroado da Cultura Galega con outros compañeiros en 1968, participou en publicacións, emisións de radio, na Escola Castelao etc.) en 1973 vai vivir para Madrid. Alí dirixiu a Aula de Cultura Galega do Ateneo de Madrid, foi crítico literario de obras publicadas en galego no *ABC* e foi redactor da revista *Tribuna Médica*, entre outras actividades. Morrería seis anos despois, en 1979, na cidade pontevedresa de Vigo. Dez anos despois da súa morte, en 1989, sería homenaxeado no Día das Letras Galegas.

• A SÚA OBRA

2.1. ENCADRAMENTO: A XERACIÓN DO 36

Celso Emilio Ferreiro pertence á chamada *Xeración do 36*, composta por autores nados entre 1910 e 1920. Os membros desta xeración participaron en actividades nacionalistas durante a Segunda República española (1931–1936) e moitos deles foron mobilizados para combater co exército nacional na guerra (os militares sublevados que logo gañarían a guerra controlaron Galiza desde que esta comezou). Cando franco chegou ao poder todos estes escritores víronse obrigados a exiliarse, ao silencio ou ben a adaptarse ao novo réxime para non ser perseguidos.

Os poetas desta xeración, da que Celso Emilio Ferreiro é o máximo representante, son Aquilino Iglesia Alvariño, autor de *Cómaros verdes* (1947), unha das primeiras obras publicadas na posguerra; Carvalho Calero, o primeiro catedrático de Lingua Galega e Literatura, teórico reintegracionista e do que destacan obras coma *Pretérito imperfecto* (1980) ou *Reticências* (1990); Xosé María Díaz Castro, autor de *Nimbo* (1961); María Mariño con obras coma *Palabra no tempo* (1963); Álvaro Cunqueiro con *Dona do corpo delgado* (1950) e *Herba aquí ou acolá* (1980); poetas do exilio coma Lorenzo Varela (*Lonxe, Catro poemas para catro gravados* con Luís Seoane) ou Luís Seoane (*Faldel de eisiliado, Catro poemas para catro gravados*).

A denominación de Xeración do 36 refírese especialmente á produción poética da primeira xeración da posguerra, pero no debemos esquecer que na posguerra tamén se cultivaron outros xéneros. Así, na prosa destacan Ánxel Fole con obras como *Á lus do candil* (1953) ou *Terra Brava* (1955), Álvaro Cunqueiro con *Merlín e familia* (1955) e Eduado Blanco Amor con *A esmorga* e *Xente ao lonxe*. No ensaio destacan Rof Carballo (*Mito e realidade da terra nai*), Ramón Piñeiro (*Filosofía da saudade*), García Sabell (*Ensaio I e II*) ou Celestino Fernández de la Vega (*O segredo do humor*).

É dicir, Celso Emilio Ferreiro pertence á primeira xeración de posguerra na que domina principalmente a poesía pero tamén hai obras doutros xéneros.

2.2. POESÍA

2.2.1. Liñas temáticas

A poesía de Celso Emilio Ferreiro é fundamentalmente de dous tipos: social e intimista.

Na primeira delas amosa a súa solidariedade cos oprimidos e fai unha importante defensa da lingua e da liberdade, ademais de tratar o tema da emigración.


A temática intimista, aínda que é menos importante na súa obra, trata o inconformismo, o desacougo existencial, a terra, o paso do tempo e lembranza da infancia ou o amor.

Celso Emilio ten, polo tanto, dúas liñas na súa poesía: a social e a intimista, sendo moito máis importante a primeira e tamén pola que é máis coñecido. Cómpre dicir tamén que adoita empregar a ironía, razón pola que algúns estudosos da súa obra o relacionaron coas cantigas de escarnio medievais ou coa literatura popular de Antroido. Un exemplo do uso deste recurso é o poema Digo Viet Nam e basta que se atopa na súa obra *Viaxe ao país dos ananos*.

2.2.2. Etapas

- **Etapas intimista**

A esta etapa pertence a obra <i>O sono sulagado</i> (1954) no que a voz lírica dos poemas reflexiona sobre o sentido da vida, o tempo, a infancia, figuras queridas (a nai). Pero aínda que a obra sigue en xeral unha liña introspectiva, xa podemos apreciar que trata temas coma a falta de liberdade que nos que intuimos o forte compromiso político e social que terá Celso Emilio en obras posteriores.	
---	--



- Etapa socialrrealista

A esta etapa pertence a obra máis coñecida de Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra* (1962). O título é unha metáfora do franquismo e nela a expresión é moi sinxela e coloquial porque é un libro de protesta que vai dirixido a un público amplo coa intención de conciencialo para a loita pola liberdade. É, polo tanto,



unha voz individual que quere volverse colectiva, ter efecto no pobo. Ademais Celso Emilio leva a cabo unha renovación da linguaxe porque emprega un léxico urbano que case non se usaba no galego (administrativo, político). Por outra parte, usa o humor, a ironía e o sarcasmo para ridiculizar o franquismo e amosarnos as contradicións da sociedade galega.

Aínda que a temática é fundamentalmente de protesta (contra o capitalismo, contra a ditadura, contra a guerra, a favor da liberdade, galeguismo) tamén se pode apreciar un certo intimismo nalgúns poemas (saudade da terra, dor).

Longa noite de pedra foi unha obra que non pasou desapercibida para a sociedade galega e os seus poemas convertéronse en moitas ocasións en berros usados nas manifestacións contra o franquismo. Ademais foron musicados, por exemplo, por Voces Ceibes, Fuxan os ventos ou os ourensáns Zënzar.


• Etapa cívica na emigración

Os libros que escribe nesta etapa están, en moitos casos, relacionados co descontento que Celso Emilio ten pola desgaleguización e a falta de solidariedade



entre os emigrantes galegos. Comproba isto ao viaxar a Venezuela convidado polos membros da Hermandad Gallega deste país. A obra que mellor reflicte esta decepción é *Viaxe ao país dos ananos* (1968) na que fai ver que a emigración non é esa Galiza soñada que el pensaba e ataca aos emigrantes máis poderosos por renegar das súas orixes, non ser solidarios cos demais galegos e, en moitos casos, apoiar o réxime franquista.

Outras obras desta etapa son *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968), publicada baixo o pseudónimo de Arístides Silveira; *Terra de ningures* (1969), onde se reflicte a morriña do desterrado; *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo* (1970) que é un cantar de cego con moito contido satírico; *Cimiterio privado* (1973), obra en ton humorístico na que se fala de 67 epitafios que representan os prototipos sociais positivos e negativos; e podemos nomear a obran en lingua castelá *Antipoemas* (1972) na que atopamos o socialrealismo máis radical denunciando o imperialismo



americano ou a deshumanización provocada polos cartos.		
• Etapa final, intimista		
		Nos derradeiros anos da súa vida, ao volver de América, Celso Emilio Ferreiro retoma a poesía intimista da súa primeira etapa. É entón cando publica <i>Onde o mundo se chama Celanova</i> (1975), obra na que expresa o amor á súa muller, Moraima, e a saudade da infancia, da terra e mais dos amigos. Esta obra recibe en 1976 o Premio da crítica.

Antes de morrer deixa preparado para a súa publicación *O libro dos homenaxes* (1979).

2.3. PROSA

Aínda que a meirande parte da obra de Celso Emilio é poética, non podemos deixar de citar as obras narrativas <i>A fronteira infinda</i> (1972) e <i>A taberna do galo</i> (1973). Na primeira delas, dividida en nove relatos ou cantos, reflexiona sobre a súa experiencia americana e as ditaduras, a explotación e a economía en Latinoamérica. En <i>A taberna do galo</i> aparecen personaxes pintorescos e anécdotas da infancia e mocidade en Celanova.	
---	---

2.4. ENSAIO

En 1954 publica un ensaio sobre Curros Enríquez, poeta tamén celanovés co que está moi relacionado. Curros foi un dos grandes mestres do Rexurdimento e con obras coma *Aires da miña terra* (1880) ou o *Divino sainete* (1888) é considerado o primeiro poeta cívico galego, polo que é un precedente moi importante da poesía socialrealista de Celso Emilio Ferreiro.

• BIBLIOGRAFÍA

- *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*
- *Literatura Galega 3º B.U.P.*, I. García Uría e P. Fernández Herráiz, artes gráficas VELOGRAF S.A.
- *Literatura, 4º E.S.O.*, A Nosa Terra e AS·PG
- <http://bvg.udc.es>
- <http://gl.wikipedia.org>
- <http://www.culturagalega.org>
- <http://www.galespa.com.ar>

ÍNDICE

1. Biografía	3
2. A súa obra.....	4
2.1. Encadramento: a Xeración do 36.....	4
2.2. Poesía.....	5
2.2.1. Liñas temáticas.....	5
2.2.2. Etapas.....	5
a) Etapa intimista.....	5

b) Etapa socialrealista.....	6
c) Etapa cívica na emigración.....	6
d) Etapa final, intimista.....	7
2.3. Prosa.....	8
2.4. Ensaio.....	8
3. Bibliografía.....	9